

DEPOSITAR

1. Que é “depositar”?

É archivar unha copia dixital dun traballo de investigación no repositorio institucional da Universidade de Vigo con fins de difusión, preservación e valoración da produción científica da institución. O depósito componse de tres elementos principais: os datos (metadatos) do traballo, o texto completo del e a licenza de depósito. Como valor engadido, o depósito serve para introducir en SUXI os méritos de produción científica.

2. Como se deposita?

Mediante SAI³, ferramenta de autoarquivo que toma os metadatos de forma automática desde fontes externas (catálogos de bibliotecas, CrossRef e bases de datos da UVigo) e minimiza a necesidade de teclear datos.

3. Como accedo ao SAI³?

Primeiro hai que entrar no repositorio Investigo desde a páxina web da Biblioteca e premer o enlace “O meu Investigo” situado no parte superior dereita do repositorio. Despois hai que identificarse coa conta de correo electrónico @uvigo.es e, por último, pulsar no enlace “Enviar” do menú da dereita para ir á pantalla inicial de SAI³.

4. Que hai que depositar?

Aqueles traballos que son produto do labor investigador do PDI da Universidade de Vigo e que son tomados en conta como méritos de produción científica: artigos, libros, capítulos de libros, relatorios, comunicacións e teses de doutoramento.

5. Quen debe e pode depositar?

O idóneo é que sexa o propio autor ou autora do traballo quen leve a cabo o depósito. Para iso debe dispoñer dunha conta de correo-e do dominio @uvigo.es que lle permita identificarse para acceder a SAI³. Con todo, corresponde á Sección de Posgrao o depósito das teses de doutoramento debido á necesidade de xestionar os períodos de exposición pública e outros trámites propios da lectura das teses.

6. En que consiste o proceso de depósito?

O sistema SAI³ ten a vantaxe de obter os metadatos de forma automática desde fontes externas. Grazas a isto, na maior parte das ocasións a tarefa do depositante consiste simplemente en verificar os datos que aparecen e, no seu caso, engadir os poucos que faltan ou están incompletos. Unha vez completados os metadatos, hai que achegar o arquivo (preferiblemente en pdf) co texto completo do traballo, aínda que sempre tendo en conta os límites que poidan existir respecto dos dereitos de propiedade intelectual cedidos a terceiros (p.ex. editores).

7. Quen se considera autor ou autora da Universidade de Vigo?

SAI³ considera que un investigador ou unha investigadora pertence á Universidade de Vigo cando figura en SUXI. Se ao efectuar un depósito algún autor/a non é recoñecido como membro da Universidade de Vigo, débese contactar coa biblioteca en investigo@uvigo.es. En realidade, o sistema SAI³ contempla dúas posibles funcións en canto á responsabilidade intelectual dun traballo: o autor/a propiamente dito e o editor/a (é dicir, o coordinador/a, director/a, etc.) dunha obra colectiva.

8. Que ocorre cos dereitos de autor do traballo que se deposita?

Con frecuencia os dereitos de difusión do traballo están cedidos a un terceiro (editor, etc.) que non adoita permitir sen máis a difusión do traballo en acceso aberto a través de repositorios institucionais. Aínda que no ámbito dos libros non é habitual permitir a súa difusión en acceso aberto, no das revistas científicas hai editores que non limitan o acceso aberto e outros moitos que o permiten, inda que aplicando un “embargo”. Un embargo é un prazo de tempo durante o cal o texto completo do traballo non pode difundirse en acceso aberto. O repositorio da Universidade de Vigo xestiona de maneira automática ese embargo, de xeito que, de selo caso, a persoa que deposita un traballo tan só ten que indicar a data na que ese prazo finaliza. Ao chegar esa data, o documento pasa automaticamente a estar en acceso aberto.

De calquera forma, coa finalidade de mellorar a visibilidade e impacto dos traballos é moi conveniente que no repositorio figure canto antes o texto completo, polo que os autores/as

deben procurar depositalo. Aínda que moitos editores non permiten depositar e difundir nos repositorios de acceso aberto a versión definitiva do documento tal como foi publicado na revista, libro, etc. (*published version*), si que adoitan autorizar o depósito da versión final do autor, é dicir, a que inclúe os cambios e correccións propostos polos revisores (*postprint* de autor ou *accepted manuscript*), aínda que nalgúns casos á conta dun embargo. Por iso, en diante é importante que o persoal investigador se coide de conservar os seus *postprints* de autor co obxecto de poder depositalos no repositorio da Universidade de Vigo.

No caso de ter dúbidas sobre a situación dun traballo de investigación a efectos do acceso aberto pódese contactar coa Biblioteca a través do correo-e investigo@uvigo.es. De calquera forma, a Biblioteca revisará os depósitos antes de proceder á súa difusión pública no repositorio.

9. Podo depositar no repositorio unha obra escrita con outros autores ou autoras?

Si, aínda que no caso dunha obra escrita en colaboración (é dicir, cando a autoría corresponde a todos os autores/as da obra) hai que contar co consentimento por escrito de todos eles para depositala. No caso de obras colectivas (as elaboradas por varios autores/as baixo a dirección ou coordinación dalguén), considérase que a autoría corresponde á persoa coordinadora ou directora, sendo quen debe autorizar o depósito.

10. Unha vez que envíei o meu depósito, onde vai e que ocorre con el?

O destino final do depósito é o repositorio institucional da Universidade de Vigo, Investigo, a través do cal se vai levar a cabo a súa difusión e arquivo con fins de preservación. En paralelo, os metadatos incorpóranse a SUXI como méritos de produción científica.

Unha vez rematado un depósito en SAI³ pasa ao repositorio Investigo quedando en situación de espera ata que a Biblioteca o revise e aprobe a súa difusión pública. No momento en que se produza a aprobación, o depositante recibirá un correo-e de notificación.